

guía

DE LECTURA

XVIII PREMIO ALA DELTA



TAMBRE

ALA DELTA 

O carteiro de Bagdad

Marcos S. Calveiro

TAMBRE EDELVIVES

A obra

Título **O carteiro de Bagdad** / Autor **Marcos Calveiro** / Ilustrador **Miguel Ángel Díez** / ADV, 21 / 138 páxinas

O autor

Marcos Calveiro naceu en Vilagarcía de Arousa e vive en Vigo. É avogado. De cativo era pouco falador, xa que prefería observar o mundo e escoitar as historias dos clientes na taberna dos avós. Da súa paixón polas civilizacións afastadas naceron varios libros seus, recoñecidos cos premios de literatura infantil Ala Delta, Merlín e O Barco de Vapor en lingua galega, e co Premio Lazarillo de literatura xuvenil.

Argumento

Bagdad resiste baixo as bombas e o fogo cruzado. A xente vive con medo, as escolas pecharon e os cativos xa non xogan na rúa. Ibrahim é carteiro na capital e sortea perigos para manter con dificultade a súa muller Fatiha e o seu fillo Abdulwahid. Os cortes de luz, a falta de recursos económicos, a morte, as bombas e a intolerancia entre sunnitas e xiítas fan que a vida do rapaz e da súa familia se complique. Cando o carteiro chega do traballo na súa desartellada motocicleta, cóntalle historias ao fillo, que se amosa atento ante as ensinanzas do pai. Mais un día este cae gravemente ferido e encoméndalle ao fillo a entrega dunha carta en territorio xiíta. Acompañado polo seu amigo Ahmed e esquivando perigos polas ribeiras do río Tigris, conseguen dar co paradoiro de Faysal e cumprir co cometido.

Comentario

O libro aborda o tema da guerra de Iraq desde a perspectiva dunha familia que sofre, no cotiá, as súas consecuencias. O autor amósanos, por medio dos protagonistas, a realidade da capital do país, o saqueo do seu patrimonio, a destrución de elementos da cultura árabe, a vida dura dos habitantes, a inseguridade nas rúas, as casas derruídas de adobe, a morte de inocentes, a resistencia e tamén os privilexios de quen ocupa o poder, en claro contraste coa fame. En terceira persoa describe a cultura autóctona, a relixión (riqueza e fanatismo) e a intolerancia entre iguais, pero tamén traballa valores transversais como a amizade, a nobreza, o valor da palabra dada,

o respecto aos que nos son diferentes, a supervivencia a pesar das adversidades e o amor. A través dos ollos dos protagonistas, o autor fai uso da crítica transmitíndonos unha mensaxe negativa tanto da ocupación como do réxime anterior; así mesmo, dá-nos unha perspectiva diferente da cultura árabe, dos seus costumes e das súas tradicións.

Temas

- Guerra de Iraq e as consecuencias en Bagdad.
- A familia, a cultura árabe e a supervivencia.
- Valor da amizade e valor da palabra dada.

Reflexións


Coñecer os conflitos bélicos contemporáneos é fundamental para evitar que se volvan producir e para coñecer a configuración política actual. Esta novela achega esa temática aos rapaces. Desde o inicio mergúllaos nunha cidade en decadencia; aproxímaos a unha realidade que lles queda moi afastada, achegando culturas: a occidental do lector e a árabe dos protagonistas. Combate de maneira solapada prexuízos e fai crítica de determinados elementos que responden á radicalización relixiosa, como o uso do *niqab* ou a intolerancia entre irmáns. Con todo, tamén incide na solidariedade entre as persoas, na colaboración desinteresada, na amizade e no respecto ao patrimonio e aos libros. A novela presenta unha familia unida e un pai comprometido co traballo e coa esperanza que achegan as cartas que ten que entregar malia as dificultades.



1. Mapa de Bagdad

Busca un mapa de Bagdad en internet, débúxao e sinala nel os espazos que aparecen na novela.

Traza a ruta que ten que seguir Adulwahid para entregar a carta do vello Faysal.



Actividades de afundamento

1. A guerra de Iraq

Como sabes, a guerra de Iraq rematou en 2011, así que imaxina que es Abdulwahid na actualidade e que lle escribes unha carta a Ahmed para contarlle en que traballas e como che vai na vida.

2. Que países participaron na Segunda Guerra do Golfo?

Indaga sobre a orixe do conflito e as causas que o provocaron.

Investiga na biblioteca ou consulta en internet sobre a carreira política de Saddam Husein e a dos seus fillos.

Expón as diferenzas que existen entre a Primeira e a Segunda Guerra do Golfo.

Primeira Guerra do Golfo	Segunda Guerra do Golfo



1. Cinco cousas que podes facer ti

No libro, cando a participante de orixe iraniana Shada participa no programa Star Academy, a familia de Abdulwahid acode a vela entre amigos.

Expón cinco actividades que realices en familia.

1.
2.
3.
4.
5.

2. Vivir nun país en guerra

Na novela os protagonistas sofren as restricións dunha guerra. Non posúen electricidade, pero na zona onde están os americanos si que dispoñen de electricidade e doutros servizos que a familia de Abdulwahid non ten.

- Por que pensas que non hai electricidade?
- Por que na zona onde estaban os americanos poden ir ao cine?
- Cal é o principal recurso que existe en Iraq?
- Irías vivir a un país árabe?
- Cal cres que serían as principais dificultades que atoparías para adaptarte?
- Cres que sería igual a túa adaptación se foses muller?

Anota nunha columna os motivos para marchar e noutra os motivos para quedar se houberse unha guerra. Despois intercambia as túas opinións cos compañeiros e compañeiras da clase.

1. Escribe o teu relato de aventuras.

No libro cóntase a aventura de dous amigos para entregar a carta do vello Fayal.

Imaxina que das sementes que lle envían por carta agroma unha árbore a un mundo novo. Colle papel e lapis ou ponte diante do teclado do ordenador e deixa voar a túa imaxinación.

Vive intensamente e escribe a túa propia aventura! Non esquezas ilustrala con debuxos en cor ou en branco e negro.



2. Sitúa Bagdad e Iraq nun mapa e indica cales son os seus principais recursos.

Na novela aparece un río, o Tigris. Elabora unha guía turística do país. Busca información nos libros de divulgación da casa, na biblioteca do colexio, na biblioteca pública que teñas máis preto ou en internet.

Nun caderno copia ou resume o máis relevante do que leas, ou simplemente o que máis che interese. Non esquezas achegar fotografías.

Se es constante, poderás ter unha guía detallada das principais características do país.



Suxestión de actividades

Actividades de aproximación

Coas propostas que aparecen baixo este epígrafe, preténdese presentar o libro dunha maneira lúdica que estimule a lectura.

- **Con que bens materiais non poderías vivir?** Antes de iniciar a lectura da novela, pedirémoslles aos alumnos e alumnas que respondan esta cuestión: «Con que bens non poderías vivir?». É unha pregunta que podemos facernos, pero neste caso a resposta seranos moi útil.

Tamén podemos formular outras como: «Poderías vivir sen televisión?».

Nun segundo momento, tras a lectura do libro, volveremos facerlles a mesma pregunta e reflexionaremos sobre o tema.

Actividades de afondamento

Neste bloque de suxestións encontraremos actividades que podemos ir presentando na aula a medida que os nosos alumnos e alumnas lean o libro.

- **Árbore de historias.** Mentres lemos a historia encontraremos unha chea de pequenas historias secundarias. Pedirémoslles aos alumnos e alumnas que as resuman para clasificalas segundo a súa relevancia. Podemos completar a proposta propóndolles que elaboren unha historia en que haxa máis historias secundarias incluídas.
- **Meses do ano.** Ao longo do libro aparecen, no principio dos capítulos, os meses do ano en árabe. Os alumnos anotarán o nome de todos eles. Pediremos despois que investiguen se no galego existen palabras de orixe árabe e se coñecemos algunha manifestación literaria desta orixe producida na península Ibérica.

Actividades de peche

Unha vez que os rapaces e rapazas rematen de ler o libro, tamén podemos propor actividades.

- **Debate sobre as armas de destrución masiva.** As sospeitas de que Saddam Husein podía utilizalas foi o detonante da intervención militar dos EEUU e doutros países. Credes que esa foi a razón? Atopáronse esas armas? A lectura do libro serviranos para debater o porqué desta e doutras guerras e as consecuencias na poboación civil desas armas.
- **Muller/home.** A protagonista feminina da novela é Fatiha e, a diferenza do seu home, non vai traballar nin sae da casa. En moitos países de cultura árabe o papel do home e o da muller son moi distintos. O machismo está presente en moitas culturas. Na nosa cultura hai machismo? Propomos reflexionar sobre este asunto e sobre se o papel da muller sempre foi o mesmo.



Solucionario

Fragmentos especiais

Só na chamada Zona internacional, Zona verde, como a denominan algúns, ou A Burbulla, como lle din outros, na ribeira oeste do Tigris, gozan de abastecemento eléctrico todo o día. Alí non hai coches bomba, nin tampouco disparos. Alí están as embaixadas, as institucións do novo goberno iraquí e os hotéis onde se aloxan os periodistas e os contratistas occidentais. Uns veñen contar as desgrazas e infortunios deste país destruído; os outros, a facer negocios coa reconstrución, co petróleo, coas subministracións, coa miseria destas cidades arruinadas. É coma outra cidade dentro da cidade. Unha fortaleza illada do resto. Unha medina inexpugnable onde reinan a calma e a concordia.

(Páx. 43)

A Biblioteca Nacional fora a primeira en caer baixo as gadoupas dos saqueadores, ante a pasividade dos soldados americanos. Ao comezo, ninguén se atrevía a achegarse ao edificio cheo de celosías. A estatua de Saddam Husein permanecía aínda en pé na praza que había diante, maila que o seu réxime caera. A imponente imaxe do ditador, saudando cunha man e sostendo un libro coa outra, semellaba intimidar os asaltantes, que daban voltas arredor dela sen saber ben que facer. Entón, un mozo gabeou por ela e penduroulle unha bandeira americana a xeito de capa. Este xeito desatou unha tolema colectiva e o xentío, enfebrecido, asaltou o edificio levando aqueles exemplares máis antigos e valiosos.

Unha semana despois chegarían os incendiarios, que disque reduciron a cinzas un millón de libros e táboas de arxila. Pola contra, non moi lonxe de alí, ao edificio do Ministerio do Petróleo non entrou nin o primeiro saqueador; dende o primeiro intre da entrada dos americanos en Bagdad protexérono un feixe de tanques e blindados.

(Páxs. 81 e 82)



Queres a Guía de Lectura doutro Ala Delta?
Solicítala en: info@edelvives.es